



Concello de Vilalba

BASES DO II CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL EN VILALBA

Primeiro.- Poderán participar no concurso todos aqueles establecementos comerciais situados na localidade de Vilalba, independentemente do produto que oferten ao consumidor.

Segundo.- O tema para desenvolver será alegórico ao ambiente propio das Festas Do Nadal e sempre combinándoo cos produtos propios do establecemento, valorando ademais os seguintes aspectos:

- Deseño e calidade
- Combinación de cores
- Orde e distribución dos produtos
- Orixinalidade e complexidade
- Atractivo comercial

Os escaparates deberán permanecer decorados entre o 8 de decembro e o 6 de xaneiro de 2021.

Terceiro.- Os comerciantes interesados en participar, deberán inscribirse enviando un correo electrónico a comercio@vilalba.es solicitando formar parte do concurso, cos datos do comercio e adxuntando unha foto do escaparate para subilo ás redes estando aberto o prazo dende o día da publicación destas bases e ata as **14:00 h.** do día **8 de decembro**.

Cuarto.- É obrigatorio que os comercios participantes teñan o seu establecemento iluminado ata as 22 horas e nunhas condicións que permita ao Xurado visualizar claramente o escaparate no seu conxunto, e co distintivo visible que os identifica como participantes do mesmo.

As visitas do xurado faranse en calquera momento durante o período no que os escaparates deban estar adornados, e sen previo aviso. Todo comercio que teña o seu escaparate pechado e sen a iluminación correspondente quedará automaticamente fóra do concurso.

Quinto .- Todos aqueles comercios que se inscriban no Concurso, pero á hora de realizar a visita polo Xurado non estivesen decorados, de acordo coas Bases deste Concurso, quedarán eliminado automaticamente.

Sexto.- Establécense os seguintes premios:

- 1º Premio: 600 €
- 2º Premio: 400 €
- 3º Premio: 200 €
- Premio especial por ser o máis votado en redes sociais: 100 euros, compatible con calquera dos outros tres premios.

Sétimo.- O fallo do Xurado será inapelable e darase a coñecer o DÍA 7 de XANEIRO de 2021.

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA CELEBRADA O 27 DE NOVEMBRO DE 2020

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Cód. Validación: 6XGD3ZNF4H5ASQL22Q06NDMH | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Pághina 1 de 2



Concello de Vilalba

O xurado estará composto por un máximo de 5 persoas, designadas polo Concello para este fin, de distintos ámbitos, presidido por a Alcaldesa Elba Veleiro Fernández ou persoa que a substitúa, e actuando de secretaria o/a técnica/o de cultura, ou persoa que a substitúa.

Oitavo.- A consignación orzamentaria á que lle imputan as presentes bases e convocatoria é 338.48942 da cal se aproba a autorización e disposición do crédito no orzamento municipal en vigor.

Noveno.- A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como as decisións do Xurado, podendo quedar excluído todo aquel participante que incumpra as mesmas.

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA CELEBRADA O 27 DE NOVIEMBRE DE 2020

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Cód. Validación: 6XGD3ZNF4H5ASQL22OQ6NDMH | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 2 de 2